

En contestación á pregunta formulada polo deputada provincial do grupo provincial de Ciudadanos, D^a. Monteserrat Lama Novoa, en relación con determinados expedientes de contratación de obra tramitados como contratos menores malia igualar o seu valor estimado a contía de 40.000,00 €, cabe informar o seguinte:

1.- Que a tramitación como contrato menor das ditas actuacións obedece unicamente a un erro interpretativo do disposto no artigo 118 da vixente Lei de Contratos do Sector Público, que afecta esencialmente a expedientes tramitados no ano 2018 e que logo de detectado polos servicios xurídicos non volveu repetirse en actuacións posteriores. O erro, so afectou as actuación cun valor estimado exacto de 40.000,00 €, de xeito que calesquera outras obras de importe superior foron contratadas por procedemento aberto.

2.- Sen deixar de recoñecer o erro interpretativo no que temos incurrido, debemos salientar que a falta de claridade da norma legal citada en moitos dos seus preceptos propiciou este tipo de consecuencias, de forma que idéntico erro podemos advertilo na propia Junta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Economía e Facenda e nun recente informe (111/2018, aprobado o 15 de xullo de 2019) que literalmente dispón no seu primeiro considerando en relación co artigo 118.3 que *:La norma invocada dispone que en el expediente correspondiente al contrato habrá de justificarse -entre otros extremos- que el contratista no haya suscrito más contratos menores que, individual o conjuntamente **superen la cantidad de 40.000,00 € cuando se trata de un contrato de obras o 15.000,00 € cuando lo sea de suministros o servicios**, cando nunha interpretación correcta do artigo debería decir igualen ou superen a dita cantidade*

E canto cabe informar.

Ourense, 18 de febreiro de 2020.

O Xefe de Servizo de Inversións, Contratación
e Patrimonio

Asdo.: Javier Martínez de Anta

O Vicesecretario

Asdo.: Juan Marquina Fuentes